

VIERNES, 16 de febrero de 2007

GROUCHOS | LUCES

Os preteridos das deusas

MANUEL RIVAS | 16 FEB 2007

Archivado en: Opinión

APARECIDOS E DESAPARECIDOS

Galicia ten sona de ser o país dos Aparecidos. Levamos atraso ferroviario, mais hai unha chea de oportunidades para ir e volver do Alén. A Santa Compañía é unha especie de sociedade igualitaria. Tamén é certo que se pode desaparecer coa mesma facilidade que se aparece. Así que temos tamén un país de excelentes Desaparecidos. Xente extraordinaria que ás veces se esvae en vida. Xente excepcional que marcha silandeira, ao xeito daquel poeta checo do silencio, Jan Skácel, quen na súa derradeira carta escribiu: "Semella que o xeo se moveu". A historia de Galicia está chea de máxins perdidos.

"O PRIMEIRO E O MELLOR"

Un deses cerebros era Antolín Faraldo. O autor do manifesto máis lúcido da historia de Galicia, o da revolución democrática de 1846, que tivo o seu niño clandestino entre as notas musicais e o aroma dos cafés no salón da casa coruñesa de Juana de Vega (ou dona Xoana de Veiga, que soa ben). Había moita vontade de estilo naquela proclamación que, en castelán, comezaba dicindo: "Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en verdadera colonia de la Corte, va a levantarse de su humillación y abatimiento (...) Para conseguirlo, se esforzará constantemente en fomentar intereses materiales, crear costumbres públicas, abrir las fuentes naturales de su riqueza, la agricultura y el comercio, y poner en armonía con la época los hábitos y las ideas que dejó una sociedad decrepita fundada sobre la ignorancia". Velaí se ve o interese social, un agromar de "socialismo utópico", inspirado no tamén galego Ramón de la Sagra. Esa revolución sería esmagada, detidos a traizón e fusilados Solís e os outros principais líderes militares. Os Mártires de Carral. Anos despois, o coengo López Ferreiro botaba chispas por esa canonización laica. Para el, o dos "mártires de Carral" era un invento dos "señoritos coruñeses". Pois ben. Foi Faraldo, o betanceiro, quen lle puxo letra a aquela revolución que xa daquela emparellou Galicia coa mocidade demócrata de París ou Berlín.

Para ilustración da presbicia conservadora hoxe dominante no mundo da opinión (non hai máis que ler a maioría dos comentaristas políticos), habería que reivindicar, como o fixo Antón Vilar Ponte no seu valente discurso de ingreso na Academia e en pleno "bienio negro", esoutra tradición: o cerne liberal e democrático da sociedade galega. Unha historia, digan o que digan, "desaparecida".

Qué foi de Antolín Faraldo Asorey, aquel a quen Manuel Murguía en *Los precursores* chamou "el primero y el mejor"? Era moi novo. Non tiña máis de 24 anos cando logrou salvar a cabeza e fuxir ao exilio. En Portugal. De volta, en España, atreveuse a publicar *La Europa*, en clave demócrata e internacionalista, que foi prohibida aos 15 días por Bravo Murillo. Vaise para Andalucía e afasta para sempre de Galicia. Hai poucas pegadas, pero sábese que a súa vida debeu mudar nun sentido máis vitalista e gozoso que o do combate político e xornalístico. Ao cabo, Dionisos e Afrodita tamén son deuses betanceiros. Asinaba as cartas nas que contaba os seus amoríos polos "mares do sur" co pseudónimo *The gentleman Aben-Humeya*.

Escribe Murguía, penso que con comprensíbel envexa: "Cambio por aquelas voluptuosas sirenas, que, según su expresión, 'le hicieron creer que realizaba las maravillas de Monte Cristo". O heroe demócrata galego morreu "desaparecido" en Granada convertido nun mito libertino de nome Aben-Humeya. Gloria ao de Betanzos!

O MELLOR RAPSODA DE EUROPA

En canto aos vivos, e falando dos preferidos das deusas, qué é de Carlos Oroza?

Manuel Forcadela, o seu grande amigo, dedicoulle un poema que ten ese ton murguiano de admirado e pícaro reproche: Apúntaste o primeiro a ter trato coas deusas / e logo cando partes xa cansas se retiran / sen folgos de atender outros cantores. E remata dicindo: Por qué, Carlos Oroza? Por qué, bandido errante?.

Para non poñerme enciclopédico, vou situar a Carlos Oroza co retrato telegráfico que del fai Carlos Tena e que eu apaño nun lugar estraño, como debe ser. O sitio Corriente Roja. Escribe Tena: "Carlos Oroza, poeta mágico, gallego, único y genial, es sin duda el mejor rapsoda que existe en Europa. Sus recitales a mitad de la década del sesenta eran tan imponentes que, al finalizar su intervención, salía del escenario como un torero, a hombros de los estudiantes. Posee un lenguaje de una originalidad sin medida, el carisma del océano. Oroza es como una ola gigante, profunda y azul, de consecuencias imprevisibles, donde puedes naufragar para siempre o ser arrojado a las playas más dulces del globo".

A maior honra de Carlos Oroza, non moi amigo do paseílo taurino nin coleccionista de tardes de gloria, hai que dicir que non sempre saíu dos recitais a ombros de estudantes. Mesmo estivo a piques de saír linchado. Ocorreu no 1975, no Teatro Malvar, en Pontevedra, nun acto cultural convocado polo Casino. Aínda vivía Franco, aínda tiña pulso para asinar penas de morte. E tocoulle recitar a Carlos Oroza. Aló vai el, atreveuse con *Se prohíbe el paso*. Ía contra o chamado Desfile de la Victoria. Penso que é o mellor poema antifranquista que coñezo.

EN ESTE LUGAR SE CELEBRA EL CRIMEN CADA AÑO...

Un grupo de brutáns foi a por el. Querían matar. Entón dous amigos, os irmáns Manolo e Ánxel Vázquez de la Cruz, tiveron o reflexo de acudir ao escenario e presentarse como policías da secreta. Levárono detido. Dando voces. Arrastro. Así, como nunha comedia de Ernst Lubitsch salvouse Carlos Oroza.

Contan que o outro día pasou a visitar unha exposición polo MARCO de Vigo (o espazo artístico que mellor marcha en Galicia). Parouse un intre diante dunha placa onde se di que o Museo foi inaugurado polo Príncipe de Asturias, D. Felipe de Borbón. E Carlos Oroza fixo de pasada unha pequena observación: "Non é certo, inaugureino eu". E é certo. Inaugurouno el. Os que asistiron, non esquecerán endexamaís o seu recital.

Hai tempo que non vexo a Oroza, mais podo oír os seus pasos como se o poeta *unaerground*, o noso Allen Ginsberg, andara por riba de nós, pisando nas madeiras no sobrado do ceo. Cito a Ginsberg, o autor do *Ouveo*, como referencia histórica, pero Carlos Oroza (nado en Viveiro, en 1933) dálle mil voltas como bardo recitador. Entre os episodios pouco coñecidos da súa vida lendaria, está o paso do poeta por Nova York. Ficou como un feitizo oral gravado na memoria dos americanos que tiveron a sorte de escoitalo. A igual que fixera coa illa de Ibiza co poema Malú, fixo levitar Greenwich Village co poema América.

Y América ya no recibía calor. América

estaba crucificada

Y no había conseguido avanzar ni un

milimeiro ian solo

Unha das súas últimas presenzas foi no Festival Internacional de Poesía, no Palau da Música de Barcelona, en maio de 2004. Alí compartiu escenario con poetas de América, Asia e

Europa. Entre os españois, Carlos Edmundo de Ory e Leopoldo María Panero. Todo o morbo poético estaba concentrado, claro, neste último. Cumpriu a expectativa. De entrada, Panero exclamou: "¡No sé a qué he venido!". Grandes aplausos. Mais cando comezou a recitar o autor de *Una porción de tierra gris del norte* o Palau enteiro ficou en penumbra e silencio para escoitar os fósforos na boca de Carlos Oroza. Velaí están as crónicas: "Maestro de la oralidad, anoche se llevó los mayores aplausos, por la belleza de sus imágenes poéticas y por su magistral y a la vez austero recitado".

Pasou necesidades. Fame. Nunca se queixou nin lle dedicou a adversidade persoal a atención dun verso. Puxéronlle o seu nome a un instituto de Pontevedra. O Carlos Oroza ten unha magnífica escola de hostalería: a Vida, que é unha cachonda. Na colección Tambo (Deputación), dirixida por Luis Rei Núñez, publicaron a poesía (case) completa co título *En el norte hay un mar que es más alto que el cielo*. Dedicáronlle un programa en *Por amor á arte*, na TVG, realizado a peito descuberto por Antón López, unha xoia de video-creación que só puideron ver, pola hora, os somnábulo saídos do Bar das Almas Perdidas. Segue a practicar por Vigo o paseo ás ceibas, o *walkscape*, como Tristan Tzara por Zurich. El escribe graffitis no ar. Un día dixo: "Non hai razóns para suicidarse, pero tampouco para seguir vivindo". El anda. E constrúe os poemas coa enerxía alternativa dese andar ceibo. Non coñezo auto-poética comparábel á enunciada por Carlos Oroza nunha frase puída e precisa como unha semente: "Las palabras sueñan que las nombro". Oroza, insobornábel poeta. Por iso quéreno as palabras. E as deusas.